

# IDEAS POR ESTANCIAS



Estas son as miñas ideas para o día 2 de cole:

## COCIÑA



Idea 2: Facemos galletas de manteiga!

*Empregamos unha sinxela receita para preparar galletas. A receita atópase ao final deste documento. Aproveitade para traballar coa balanza, xogar a ler os nomes dos ingredientes, comentar como cambian os alimentos, describir os seus sabores, ... Seguro que pasades un bo rato!*



## BAÑO



Idea 2: Mensaxes secretas no espello.

*Escribiremos unha mensaxe secreta no espello (pode ser unha palabra ou un debuxo) para que despois a teñan que descubrir botando bafo no mesmo.*

## HABITACIÓN DOS MAIORES



Idea 2: Lio de calcetíns! Alguén mesturou os calcetíns. Convertidos en detectives iremos reunindo as parellas para desfacer o desastre.

*Desfaremos as parellas de calcetíns de diferentes tipos, cores e tamaños para que sexan eles os que as reunan e volvan a dobrar. Podemos pedirles que os coloquen uns a continuación dos outros para ver ata que lugar da casa chegan con eles, contar cantos hai, etc.*

## HABITACIÓN DOS PEQUES



Idea 2: Debuxamos animais para xogar a “adiviña que teño na cabeza”


*Faremos debuxos de animais sobre anacos de papel. Empregaremos unha goma ou diadema para colocalo sobre a fronte e, facendo preguntas, trataremos de adiviñar qué animal nos tocou.*

## SALÓN



Idea 2: A árbore da miña familia

*Empregaremos fotografías familiares para compoñer a árbore xenealóxica e, dese xeito, comprender as relacións que se establecen entre os diferentes membros da familia. Podemos empregar a típica forma de árbol ou empregar outros deseños. Neste enlace (<https://www.guiadelnino.com/juegos-y-fiestas/manualidades-para-ninos/7-modelos-de-arbol-genealogico-para-imprimir/arbol-genealogico-con-gato>) tedes algúns tan xeitosos coma estes:*



# CORREDORES



Idea 2: Creamos un teatro de marionetas

*Aproveitaremos unha porta para tapar a parte baixa. Empregaremos títeres, peluches, as nosas mans disfrazadas, etc. calquera cousa pode servir para crear unha historia tan tola como se lles ocorra. Se vos apetece, podeades crear a historia previamente, definindo aos personaxes, qué vai a acontecer, etc. En ocasións, o xogo se volve tan motivante que aos propios peques lles apetece crear as entradas, carteis e demais elementos para o espectáculo...*